



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P8600004I

Rúa Palmeira 25 – 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)

Tf. 986527080 – Fax 986528700

e-mail : concello@ailladearousa.es

D. Daniel Angel Lamas Bello, Secretario do Concello de A Illa de Arousa (Pontevedra)

CERTIFICO

Que a Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión celebrada en data 21 de abril de 2017, adoptou entre outros o acordo que transcrito literalmente di:

“4.- INFORMES DE SERVICIOS.

4.2.- Preséntase expediente relativo ó procedemento de licitación do servizo de “Xestión do Auditorio do Centro Sociocultural para o desenvolvemento de actividades culturais”; por importe de 89.540,00 euros e se informa que o expediente iniciouse por Resolución de Alcaldía de data 30 de marzo de 2017 e que se pretende a súa adxudicación por procedemento negociado sen publicidade, por non exceder a súa cuantía do límite sinalado no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, debendo solicitarse alomenos oferta de tres empresas capacitadas para a execución do obxecto do contrato. Engade que se acompaña providencia de inicio, informes de Secretaría e Intervención en relación co procedemento a seguir e existencia de consignación orzamentaria no vixente orzamento municipal, así como informe proposta de resolución.

Procedéndose á votación, acórdase por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno:

- 1.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do contrato do servizo de “Xestión do Auditorio do Centro Sociocultural para o desenvolvemento de actividades culturais”.
- 2.- Autorizar, en contía de 44.770,00 euros anuais e cunha duración de dous anos, o gasto que para este Concello representa a contratación do servizo de “Xestión do Auditorio do Centro Sociocultural para o desenvolvemento de actividades culturais” por procedemento negociado sen publicidade, con cargo á partida 334.22609 do estado de gastos do Orzamento Municipal deste Concello para o exercicio 2017.
- 3.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato do servizo de “Xestión do Auditorio do Centro Sociocultural para o desenvolvemento de actividades culturais” por procedemento negociado sen publicidade.
- 4.- Solicitar ofertas ás seguintes entidades, que se consideran suficientemente capacitadas para a execución do obxecto do contrato:
 - New Live Promociones Culturales SL, con CIF nº B-94.136.066.
 - Francisco José Abelleira Santos, con DNI nº 32.793.704-M.
 - Con de Tres Pes SL, con CIF nº B-70.374.327.”

Para que así conste, ós efectos oportunos, expido o presente por orde e co visto e prace do Sr. Alcalde-Presidente e ca salvedade do artigo 206 do ROF, na Illa de Arousa, a 21 de abril de 2017.

Vº e Prace
ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo. Carlos Iglesias Cores

SECRETARIO

Asdo. Daniel Angel Lamas Bello